

nas empresas subscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica e as entidades financeiras:

Primeiro.-Ampliase o volume global máximo de préstamos que se van subsidiar en 40 millóns de euros, quedando establecido en 120 millóns de euros.

Segundo.-Ampliase o crédito plurianual necesario para a concesión das axudas solicitadas durante o ano 2005, nos seguintes importes:

Ano 2005: ampliase o crédito en 930.875,06 euros que se financiarán con cargo ás aplicacións orzamentarias 02.01.01/06/05.656700 (900.000 euros) e 02.01.01/02/01.656700 (30.875,06 euros).

Ano 2006: ampliase o crédito en 700.000 euros que se financiarán con cargo á aplicación orzamentaria 02.01.01/06/05.656700.

Ano 2007: ampliase o crédito en 1.700.000 euros que se financiarán con cargo á aplicación orzamentaria 02.01.01/06/05.656700.

Tendo en conta a dita ampliación, o crédito orzamentario do Igape para o ano 2005, destinado ás axudas reguladas no Convenio de apoio financeiro ás pequenas e medianas empresas subscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica e as entidades financeiras, queda establecido do seguinte xeito:

Con cargo á aplicación orzamentaria 02.01.01/06/05.656700 nun crédito plurianual de 2.100.000 euros para o ano 2005, de 4.750.000 euros para o ano 2006 e de 3.950.000 euros para o ano 2007 e con cargo á aplicación orzamentaria 02.01.01/02/01.656700 nun crédito plurianual de 92.625,16 euros para o ano 2005, de 226.417,10 euros para o ano 2006 e de 123.500,24 euros para o ano 2007. A concesión das axudas condicionarase á existencia de crédito orzamentario suficiente.

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2005.

Margarita Rodríguez Rama

Directora xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

## XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

*Resolución do 3 de xuño de 2005 sobre o plan de cobertura informativa, entrevistas e debates da Compañía de Radio Televisión de Galicia, e sobre a modificación horaria de emisión de espazos gratuítos de propaganda electoral na TVG, en relación coas eleccións ao Parlamento de Galicia.*

A Xunta Electoral de Galicia, na reunión que tivo lugar o día 3 de xuño de 2005, tomou coñecemento do plan de cobertura informativa, entrevistas e deba-

tes aprobado pola CRTVG, con motivo das eleccións ao Parlamento de Galicia.

Igualmente aprobou, por motivos técnicos de programación na TVG, o traslado dos espazos gratuítos de propaganda electoral cuxa emisión estaba prevista ás 12.20 horas dos días 7, 8, 9, 10, 13, 14, 15, 16 e 17 de xuño de 2005, ás 12.35 horas dos mesmos días.

As entidades políticas afectadas poden examinar o plan de cobertura informativa, debates e entrevistas, e a modificación horaria de emisión dos espazos de propaganda electoral, na Secretaría da Xunta Electoral de Galicia, sita na praza de Galicia da cidade da Coruña, no prazo preclusivo dun día, o seguinte ao da publicación deste acordo no *Diario Oficial de Galicia*, e formular os recursos que consideren pertinentes.

Publicase este anuncio en cumprimento do disposto nas normas sexta e oitava da instrución da Xunta Electoral Central do 13 de setembro de 1999.

A Coruña, 3 de xuño de 2005.

Jesús Souto Prieto

Presidente da Xunta Electoral de Galicia

## IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 24 de maio de 2005 pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, de postos de directores de centros integrados de formación profesional, anunciada por Orde do 15 de marzo de 2005.*

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, de postos de directores de centros integrados de formación profesional mediante Orde do 15 de marzo de 2005.

Esta consellería, no uso das facultades e atribucións conferidas polos artigos 15.4º e 27.2º da Lei da función pública de Galicia, e os artigos 16 e 17 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo,

**RESOLVE:**

Primeiro.-Seleccionar como directores dos IES de Fene e do IES Compostela, os funcionarios que se relacionan no anexo desta orde.

Segundo.-O delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Coruña, procederá a nomear directores os candidatos selec-

cionados, por un período de tres anos, renovable, con efectos económicos e administrativos do 1 de xullo de 2005.

Terceiro.-O nomeamento dos candidatos seleccionados que non teñan recoñecida a categoría de director quedará condicionado á superación do programa de formación inicial que deberán realizar no curso académico 2005-2006.

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2005.

Celso Currás Fernández  
Conselleiro de Educación e Ordenación  
Universitaria

*ANEXO*

Código do centro: 15032081.

Centro: IES de Fene.

Localidade: Fene.

Apelidos e nome: Mouriz Cabalo, José Manuel.

DNI: 32441736.

Código do centro: 15016000.

Centro: IES Compostela.

Localidade: Santiago de Compostela.

Apelidos e nome: Juncal Miguez, José María.

DNI: 33197146.

*Resolución do 30 de maio de 2005, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se publica a adxudicación definitiva de destinos do concurso de traslados entre funcionarios do corpo de mestres, convocado por Orde do 19 de outubro de 2004 (Diario Oficial de Galicia do 26 de outubro).*

En aplicación do disposto na disposición trixésimo cuarta da epígrafe VIII da Orde do 19 de outubro de 2004 (DOG do 26 de outubro), esta dirección xeral

*RESOLVE:*

Primeiro.-Facer pública a adxudicación definitiva dos destinos obtidos no concurso de traslados con-

vocado pola orde que se cita, por puntos de participación, segundo consta nos anexos I, II e III desta resolución.

Segundo.-Os que obteñan destino, en virtude desta resolución en colexios públicos rurais agrupados, co obxecto de obter destino en localidade concreta, participarán na data que a delegación provincial correspondente determine, no proceso que se establecerá para obter destino en localidade concreta en pé de igualdade cos profesores destinados nos ditos centros, sempre que non obtiveran destino en calquera outro proceso de mobilidade interna.

Terceiro.-No caso de que ata o 31 de agosto deste ano resulten suprimidos postos de traballo adxudicados por esta resolución, se prevexan resultas inexistentes, ou estean afectadas pola interposición de recursos derivados desta resolución, os destinos obtidos decláranse anulados. Os mestres afectados continuarán á fronte dos postos de traballo que viñan desempeñando se non foron cubertos por resultas: de seren cubertos quedarán en situación de provisionais. Se participaron con carácter voluntario adquirirán dereito preferente ás localidades/zonas en que se lles anula o posto de traballo ou na que tiñan acreditado o destino definitivo, á súa elección.

Cuarto.-Aqueles concursantes interesados en recuperar a documentación achegada, agás instancia, poderán solicitar a devolución persoalmente ou por escrito nas dependencias desta dirección xeral perante os meses de setembro, outubro, novembro e decembro do actual ano. Transcorrido o dito período procederase ao arquivo da documentación.

Quinto.-Para calquera aspecto non recollido nesta resolución, haberá que atermos ao previsto na Orde do 19 de outubro de 2004 e, en todo caso, ao establecido nos reais decretos 895/1989, 1664/1991 e 2112/1999.

Contra esta resolución cabe recurso de alzada perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2005.

Severino Somoza Gómez  
Director xeral de Persoal